



MEMORIA XUSTIFICATIVA

ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DUN “CAMPUS VIRTUAL”, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PROMOVIDAS DENDE A DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Antecedentes

1. Entre as competencias que en materia laboral lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a da promoción do emprego, a formación profesional ocupacional e a formación profesional para o emprego tendo atribuído o seu exercicio a Consellería de Emprego e Igualdade de conformidade co establecido no Decreto 69/1993, de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de cualificación profesional e promoción da empregabilidade.

E o Decreto 215/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, atribúe á Dirección Xeral de Formación e Colocación competencias en materia laboral e de políticas activas de emprego, formación e colocación.

A formación para o emprego no ámbito laboral constitúe unha ferramenta fundamental para impulsar e contribuír ao desenvolvemento persoal e profesional das persoas traballadoras (ocupadas e desempregadas), mellorando a súa empregabilidade e a súa promoción no traballo. Para cumprir e conseguir estes obxectivos, esta formación debe responder ás necesidades do mercado laboral ao tempo que se orienta á mellora da competitividade empresarial.

Na situación excepcional creada pola epidemia derivada do COVID-19, e coas restricións e medidas adoptadas pola Xunta de Galicia e polo Goberno de España, a Dirección Xeral de Formación e Colocación considera que o uso das aplicacións e ferramentas vinculadas á formación en remoto pode constituir a solución máis axeitada para levar a cabo ou para reforzar as actividades formativas que dela dependen, sempre que se garanta que poden levarse a cabo as actuacións de seguimento e control necesarias, e se manteña a calidade de impartición.





2. Segundo o artigo 9 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, esta ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

E dentro dos sistemas de información desenvolvidos pola Amtega susceptibles de ser utilizados polos departamentos da Xunta de Galicia inclúense plataformas para o desenvolvemento de actividades de formación de xeito remoto que xa están a ser utilizados en diferentes ámbitos da administración pública galega.

3. A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais.

Obxecto e contido do Acordo de colaboración

O obxecto do acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Amtega para a posta en marcha dun “Campus Virtual”, para a realización de actividades de formación promovidas dende a Dirección xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, coa finalidade de contribuir á formación da poboación ocupada e desempregada a fin de prepararse para un mercado laboral en rápida evolución, facilitando o desenvolvemento das políticas de emprego.

Esta plataforma formativa porase a disposición dos 13 centros propios de formación dependentes da Consellería de Emprego e Igualdade e dos 734 centros inscritos ou acreditados para impartir a formación para o emprego. Tamén se utilizará para as actividades formativas que desenvolve a Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo.

Trátase de utilizar o Campus Virtual dentro das diferentes liñas de actuación da Dirección Xeral de Formación y Colocación.





Achega económica

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Dirección xeral de Formación e Colocación, achegará un máximo de 332.500,00 € euros (TRESCENTOS TRINTA E DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS), IVE incluído, para a execución das actuacións previstas no acordo, con cargo á aplicación orzamentaria 11.05.323A.206, proxecto 2008/00536, coa seguinte distribución por anualidades

Ano 2021	Ano 2022	Ano 2023	Total (IVE incluído)
52.500,00 €	150.000,00 €	130.000,00€	332.500,00€

Estes fondos serán obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades que se indica, para que se leve a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 04.10.571A.732.00 da Secretaría Xeral da Presidencia, coa correlativa ampliación de crédito na aplicación 04.A1.571A.626.0, código de proxecto 2021 00015, dos orzamentos da Amtega.

Prazo de execución

As actividades previstas levaranse a cabo durante o período de 30 meses dende a formalización do Acordo e a conseguinte modificación orzamentaria para ampliar os fondos no orzamento da Amtega.

Actuacións a desenvolver pola Consellería de Emprego e Igualdade e por Amtega

- ✓ A Consellería de Emprego e Igualdade, entre outras, levará a cabo as seguintes accións:
 - Identificará o equipo ou equipos de traballo que asumirán as labores de coordinación, administración e dinamización do “campus virtual”
 - Coordinará os contidos e o seguimento das actividades formativas e da actividade dos centros/entidades e do propio alumnado.
 - Definirá os criterios de uso da plataforma por parte dos centros/entidades colaboradoras, así como o alumnado.





✓ A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, entre outras, levará a cabo as seguintes accións:

- Desenvolvemento e mantemento evolutivo e correctivo dos sistemas de información e servizos que integren o campus virtual
- Actividades de formación que sexan precisas sobre o uso da plataforma campus virtual, así como elaboración de guías específicas para usuarios/as.
- Volcado inicial de datos das aplicacións informáticas de xestión que se utilizan agora para a formación (SIFO)
- Servizo de soporte a incidencias técnicas

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral Técnico

José Ramón Pardo Cabarcos

